

CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER NO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS: IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

CURSO 2023-2024

O Máster convoca ao seu estudiantado á asignación do Traballo de Fin de Máster (TFM) para para o curso 2023-2024.

A realización do TFM réxese polo Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM da Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, polo Regulamento de TFM do Máster aprobado polo Consello de Goberno o 28 de abril 2022, así como por esta convocatoria e demais disposicións xerais de aplicación.

1.- Obxectivo do TFM

Segundo se establece no artigo 17.4 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro de organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa cualidade: “Todos os plans de estudo de Máster Universitario incluírán un traballo de fin de Máster, que poderá contar con un mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 30, coa finalidade de comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades que alcanzou o/a estudante e a súa superación é requisito indispensable para obter o título oficial”.

2.- Número de créditos

O TFM do Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos ten asignados 12 créditos ECTS obrigatorios o que supón un total de 300 horas de traballo dos/as estudantes.

4.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes de titor/a e liña temática

O prazo de presentación de solicitudes é de 14 días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>). Así mesmo publicarase na intranet da páxina web da Facultade de Filoloxía (<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-filoloxia>) e na web propia do Máster.

As persoas candidatas deben formalizar a súa solicitude enviando o formulario do Anexo I, cuberto e asinado, ao enderezo de correo electrónico filoloxia.decanato@usc.gal. Así mesmo, este formulario estará dispoñible na intranet da web do centro e na web propia do Máster.

5.- Procedemento de asignación de titor/a e tema do TFM

Os/As estudantes elixirán ao titor/-a do seu TFM entre o profesorado que imparte clases no Máster e acordará con él/ela o tema do seu traballo.

6.- Listaxe provisoria e definitiva de asignación de titor/a e liña temática

A listaxe provisoria de asignación de titor/a e tema do traballo publicarase o 11 de decembro de 2023 no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>). Así mesmo publicarase na intranet da páxina web da Facultade de Filoloxía (<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-filoloxia>). Contra esta lista caberá reclamación ante o Decanato da Facultade no prazo máximo de 3 días hábiles dende o día seguinte á publicación no taboleiro electrónico da listaxe provisoria.

A listaxe definitiva de asignación de titor/a e tema do traballo publicarase o 18 de decembro de 2023 no taboleiro electrónico da USC e na web propia do Máster.

As reclamacións á listaxe provisoria faranse no rexistro electrónico da Sede Electrónica na seguinte ligazón: <https://sede.usc.es/sede/publica/registroEntrada/solicitudes/listaxe.htmr>

A listaxe definitiva poderá ser recorrida en alzada no prazo máximo dun mes ante o Decanato ou directamente ante o reitor, segundo os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015.

7.- Calendario de TFM

O calendario da convocatoria de TFM do Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos acompáñase no Anexo II.

8.- Lugar de notificación dos actos derivados da presente convocatoria

Os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da sede electrónica da USC: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm> así como na intranet da páxina web da Facultade de Filoloxía: <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-filologia>.

Poderase contactar con estudantes concretos para solicitarlles a modificación de solicitudes ou subsanación de erros mediante correo electrónico ao correo institucional da USC ou mediante notificación en sede electrónica.

9.- Recursos

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, perante o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (B.O.E. do 2 de outubro).

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura electrónica

O/a Coordinador/a do Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos

Asdo.: Israel Sanmartín Barros



Anexo I

Máster en *Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos*

SOLICITUDE DE ASIGNACIÓN DE TÍTULO, TEMA E TITOR/A DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

Curso 20__/20__

APELIDOS E NOME DO ALUMNO/A:	
D.N.I.:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

SOLICITO a asignación do seguinte Traballo de Fin de Máster:

Titor/a:
Título:
Breve resumo:

Santiago de Compostela, de de 20
(sinatura do interesado/a)

Visto e prace
(sinatura do titor/a)

SR. COORDINADOR DO MÁSTER

ANEXO II**Máster en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos****CALENDARIO Traballo Fin de Máster****Curso 2023/2024****1) Convocatoria e asignación de título, tema e titor/-a**

Publicación da convocatoria	13 de novembro
Prazo de solicitude	14 de novembro ao 04 de decembro
Publicación da lista provisoria	11 de decembro
Publicación da lista definitiva	18 de decembro

2) Oportunidade de febreiro

Solicitude de defensa e entrega do traballo	29 de xaneiro ao 02 de febreiro
Entrega do informe do/-a titor/-a	Ata o 07 de febreiro
Defensa	11 ao 15 de febreiro

3) Oportunidade de xullo

Solicitude de defensa e entrega do traballo	24 ao 28 de xuño
Entrega do informe do/-a titor/-a	Ata o 04 de xullo
Defensa	8 ao 12 de xullo

4) Oportunidade de setembro

Solicitude de defensa e entrega do traballo	22 ao 26 de xullo
Entrega do informe do/-a titor/-a	Ata o 05 de setembro
Defensa	09 ao 13 de setembro